

	IES MARÍA CASARES. Departamento de Economía			2024-2025
	MATERIA	ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO		
	CURSO	4º ESO	HORAS SEMANAIS	3

BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA

Esta nova materia é froito de unir dúas do plan anterior (“Economía” en Académicas e “Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial” en Aplicadas)

A materia de Economía e Emprendemento integra, por unha banda, unha formación económica e financeira e, por outro, unha visión que anima a buscar oportunidades e ideas que contribúan a satisfacer as necesidades detectadas na contorna, desenvolvendo estratexias para levar esas ideas á acción. Deste xeito, xérase valor para os demais, innóvase e contribúese a mellorar o benestar persoal, social e cultural.

CONTIDOS

Aspectos básicos de economía e finanzas (escaseza, elección, planificación, eficiencia, equidade, sustentabilidade) - O perfil da persoa emprendedora, iniciativa e creatividade. - A contorna como fonte de ideas e oportunidades. - Recursos para levar a cabo un proxecto emprendedor. - A realización do proxecto emprendedor.

METODOLOXÍA

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumnado é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes.. Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías.

Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.

Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.

Proporanse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais =	80%
Outros instrumentos de avaliación	20%
TOTAL AVALIACIÓN	100%

NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA

Media : (NOTA 1ª AV+ NOTA 2ª AV+ NOTA 3ª AV) /3 = NOTA MEDIA XUÑO

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA a cualificación da proba extraordinaria.

VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

É interesante para todos os alumnos que desexen entender mellor a dimensión económica, financeira e empresarial do mundo e como actuar nel para melloralo tendo en conta esas dimensións. Por tanto, poden cursala alumnos orientados a bacharelato e a ciclos formativos, de todas as áreas e máis concretamente estudos de FP como Administración e Finanzas, Comercio e Marketing. Estudos universitarios relacionados coa Economía, Administración e Finanzas, Dereito. Tamén é introdutoria para cursar algunhas Enxeñerías.